A Xunta de Goberno celebrada o 20 de de abril de 2020, acordou:

“PRIMEIRO: Levantar a suspensión de termos e prazos e dar continuidade á instrucción, ordenación e resolución daqueles procedementos administrativos cuxo obxecto sexa a concesión de licenzas de obra e licencias de apertura de actividades non suspendidas polo estado de alarma e Orde 340/2020 de 12 de abril nos que conclúan as circunstancias habilitadas como excepción nos Reais Decretos 463/2020 de 14 de marzo e 465/2020 de 17 de marzo, é decir, aqueles nos que a súa detención podería causar prexuízos graves aos interesados e soliciten expresamente á sua conformidade coa continuación na tramitación ou cando manifesten a súa conformidade expresa co que non se suspenda o procedemento aínda sen existir prexuízos graves na suspensión.

SEGUNDO: Levantar a suspensión de termos e prazos e dar continuidade á instrucción, ordenación e resolución daquelas comunicacións previas de obras e apertura de actividades non suspendidas polo estado de alarma e Orde 340/2020 de 12 de abril nos que conclúan as circunstancias habilitadas como excepción nos Reais Decretos 463/2020 de 14 de marzo e 465/2020 de 17 de marzo, é decir, aqueles nos que a súa detención podería causar prexuízos graves aos interesados e soliciten expresamente á sua conformidade coa continuación na tramitación ou cando manifesten a súa conformidade expresa co que non se suspenda o procedemento aínda sen existir prexuízos graves na suspensión.

TERCEIRO: Aprobar o modelo de comunicación de conformidade que se achega como Anexo I que se colgará na páxina Web do Concello sen prexuízo de que os interesados podan documentar a súa conformidade expresa con outra presentación formal.

Información complementaria emitida pola xefa do servizo de Licenzas e Disciplina Urbanística:

- As comunicaciones previas de obras e inicio de actividades non habilitan salvo que o interesado manifieste expresamente a súa vontade de continuar o procedemento.
- A manifestación de vontade contraria á suspensión é reversible. É dicir, se o interesado inicialmente conforme ve con posterioridade dificultades derivadas do estado de alarma para subsanar os defectos, pode presentar un escrito manifestando a súa vontade en orden a que se suspenda novamente a tramitación.
- O modelo de conformidade co levantamento da suspensión é orientativo, pode formalizarse con outro documento sempre que conteña os mesmos datos e formalidades.

Contacto:
informacionurbanismo@santiagodecompostela.gal
Tlfno. 981 54 24 20
rexistro@santiagodecompostela.gal
Tlfno. 981 54 31 22
Para a entrega telemática:
https://rec.redsara.es/registro/action/are/acceso.do

A presentación da conformidade poderá facerse a través de calquera dos medios previstos (e que estén en funcionamento durante o estado de alarma) no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

MANIFESTACIÓN EXPRESA DE CONFORMIDADE COA CONTINUACIÓN DE TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E RENUNCIA Á SUSPENSIÓN DE TERMOS E INTERRUPCIÓN DOS PRAZOS.

En base ao disposto no apartado terceiro da Disposición adicional terceira do Real decreto 463/2020 do 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma como consecuencia da crise sanitaria causada polo COVID-19.

*( ) Para evitar prexuízos graves nos meus dereitos e intereses no procedemento.

( ) Aínda sen existir prexuízos graves nos meus dereitos e intereses no procedemento.

* Marcar o que proceda

EXP: ……..

Don / Dona ……..

DNI

Con domicilio a efectos de notificacións ……

Número de teléfono …..

Correo electrónico …

Amoso a miña conformidade coa continuación na instrución, ordenación e resolución do expediente de referencia e a non suspensión de prazos de tramitación do indicado procedemento.

Santiago de Compostela, de 2020.

Asdo.

ILTMO. SEÑOR ALCALDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.